



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES DO CASTRO



Rúa José Gómez Posada Curros 1 36211 Vigo

Tlf. 986422974 Tel/ Fax.986423063

Páxina web:

<http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/>

Correo electr ies.docastro@edu.xunta.es



IES DO CASTRO

PLAN DE ORIENTACIÓN

- 1.- Obxectivos xerais**
- 2.- Plan de Acción Titorial**
- 3.- Plan de Orientación Educativa e Vocacional (P.O.E.V)**
- 4.- Atención á Diversidade**
- 5.- Programación do P.A.T**
- 6.- Programación do P.O.E.V**
- 7.- Plan xeral de atención á diversidade (borrador pendente aprobación)**

1.- Obxectivos xerais

A orientación educativa comprende dúas funcións básicas:

- *A orientación escolar*
- *A orientación vocacional*

Destas funcións se derivan dous obxectivos xerais:

1.- Promover a optimización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe facilitando que se desenvolvan nas mellores condicións.

2.- Axudar aos alumnos/as na toma de decisións e na elección de itinerarios académicos ou profesionais ao longo de todo o proceso educativo.

Estes dous obxectivos se desenvolven en tres ámbitos de actuación e intervención e na práctica, se abordarán mediante programas que comprenden unha serie de accións encamiñadas á consecución dos mesmos.

O Departamento de Orientación tería as funcións de asesoramento, colaboración, elaboración de actividades, coordinación técnica do seu desenvolvemento coa participación directa dos seus membros en determinados casos:

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

.- Plan de Acción Titorial (P.A.T.): constitúe un conxunto de propostas de actuación que aportan instrumentos e soporte técnico para favorecer o desenvolvemento diario da acción titorial nos seus diversos ámbitos.

.- Plan de Orientación Educativa e Profesional P.O.E.V.: propón unha serie de actuacións de orientación académica e profesional a nivel individual e colectivo que se desenvolven, fundamentalmente, nos momentos clave na toma de decisións durante a educación secundaria, tanto obrigatoria (E.S.O) como postobrigatoria (Bacharelato).

.- Apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe (Atención a Diversidade): Asesoramento, colaboración e apoio no axuste do proceso educativo, de ensinanza e aprendizaxe, ás características e necesidades educativas de todos e cada un dos alumnos/as; impulsando e desenvolvendo as medidas necesarias individuais ou de grupo, e organizativas: adaptacións curriculares significativas, reforzos educativos, programas de competencia curricular e de inmersión lingüística para alumnado estranxeiro, programas de reforzo e recuperación, programas específicos personalizados, agrupamentos flexibles, desdobres, diversificación curricular, etc.

2.- Plan de Acción Titorial

2.1.- Concepción da titoría e da acción titorial

A lexislación indica que a titoría e a orientación dos alumnos/as formará parte da función docente; correspondendo aos centros educativos a coordinación destas actividades. Cada grupo de alumnos/as terá un profesor/a titor/a.

A docencia non ten por obxecto tan só coñecementos e procedementos, senón tamén valores, normas e actitudes; ten por obxecto en definitiva, o completo desenvolvemento persoal dos alumnos/as, un desenvolvemento que implica, por parte do profesorado, o exercicio da función titorial

"O Departamento de Orientación ten a función de elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas de organización da orientación académica e profesional, e do plan de acción titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans." (Orde do 24-7-1998 - D.O.G. do 31-7-98- pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 do 23-4-98 (D.O.G. 27-4-98)

"Segundo o art. 59º do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (Decreto 324/1996 do 26 de xullo, D.O.G do 9/8/97) cada profesor/a titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará unha serie de funcións, a primeira entre elas, participar no desenvolvemento do plano de acción titorial, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co departamento de orientación."

Por tanto, entendemos o P.A.T. (Plan de Acción Titorial) como unha previsión de actividades que o profesorado do centro en xeral e os titores/as en particular, van desenvolver (programar, realizar, avaliar) de maneira coordinada, progresiva e sistemática, para acadar unha serie de obxectivos referidos á formación e orientación dos alumnos/as e que se realizará de acordo coas pautas e principios marcados no Proxecto Educativo de Centro, no Proxecto Curricular de Centro da etapa e de acordo coas directrices que para os departamentos de orientación marquen cada inicio curso as circulares Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Características da acción titorial:

- A acción titorial está integrada na máis ampla función orientadora.
- Debe responder ás necesidades e intereses do alumnado.
- Implica a colaboración de todo o profesorado, independentemente das tarefas específicas do titor/a e das funcións concretas do Departamento de Orientación.
- Todo o profesorado é responsable, por tanto, do seguimento do alumnado aínda que o titor/a será quen coordine as accións específicas que se desenvolvan co grupo concreto que lle corresponda.
- A acción titorial non se limita a unha hora de titoría, a unha ou varias materias, senón que implica a todo o equipo docente e a toda a acción educativa.

2.2.- Obxectivos do P.A.T.

A.- Favorecer o desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe coordinando e potenciando un seguimento individualizado dos alumnos/as por parte do profesorado e dos seus órganos de xestión e coordinación.

B.- Atender as diversas necesidades educativas do alumnado, axustando a resposta educativa ás características individuais.

C.- Lograr a inserción e participación do alumnado na dinámica e funcionamento do instituto.

D.- Desenvolver habilidades sociais e as relacións positivas entre o alumnado potenciando valores e actitudes que lles axuden a comportarse adecuadamente e lograr unha boa convivencia.

E.- Favorecer o traballo coordinado no equipo docente de cada grupo.

F.- Facilitar a comunicación fluída coas familias.

G.- Colaborar no desenvolvemento dos procesos de orientación académica e profesional que permitan a toma de decisións responsable por parte dos alumnos/as.

2.3.- Ámbitos de planificación e intervención

2.3.1- ALUMNOS/AS

A.- Actuacións para adquirir o coñecemento do alumnado e asegurar o seguimento e acompañamento, dun xeito personalizado, das actividades de ensinanza e aprendizaxe que se realizan na aula por parte do profesorado.

- .- Coñecemento persoal dos alumnos/as (individual e de grupo) utilizando diversas técnicas e aportando diferentes instrumentos que faciliten ao titor/a esta tarefa (entrevistas, cuestionarios, anecdotarios, escalas de avaliación, fichas de recollida de datos, etc.)
- .- Avaliación inicial: coñecemento, análise e valoración das características do alumnado (estilo de aprendizaxe, intereses, expectativas, actitude, nivel competencia curricular...) ao comezo de curso, co obxectivo dunha detección temperá de dificultades e necesidades educativas para tomar as decisións oportunas de intervención educativa se fose necesario.
- .- Establecemento de pautas de coordinación nas avaliacións, de maneira que sirvan para obter datos de carácter positivo e que axuden a adoptar medidas correctoras que favorezan o progreso do alumno/a.
- .- Coordinación e seguimento das medidas de intervención, así como da súa valoración, en colaboración cando sexa necesario co departamento de orientación e/ou equipo directivo

B.- Actividades que realiza o titor/a con todo o grupo. (En colaboración co resto do equipo docente)

B.1.- Actuacións para lograr a inserción e a participación do alumnado no instituto.

- Actividades de acollida no centro (sobre todo co alumnado que se incorpora por 1ª vez) e de maneira específica co alumnado estranxeiro conforme ao plan de acollida establecido no centro.
- Actividades para o coñecemento e aceptación entre o alumnado que favoreza a integración no grupo de todos e todas e a súa participación.
- Coñecemento dos estudos e da Etapa Educativa que realizan.
- Coñecemento do centro: o seu espazo físico, a súa estrutura e órganos e funcionamento institucional.
- Coñecemento da dinámica de funcionamento do grupo e curso: calendario, horario, aulas específicas, utilización da biblioteca, conserxería, canles de participación...
- Participación nos órganos democráticos do centro: elección do delegado/a, Xunta de Delegados, Consello Escolar.
- Coñecemento, análise e valoración das normas de funcionamento do instituto.
 - . Intervención e implicación nas normas de réxime interno.
 - . Coñecemento e reflexión sobre os dereitos e deberes dos alumnos/as.

B.2.- Actuacións para desenvolver e exercitar as técnicas de traballo intelectual e favorecer o adestramento en todas aquelas habilidades e técnicas que poidan mellorar o estudo e o rendemento escolar.

As técnicas de traballo e estudo teñen un carácter interdisciplinar e forman parte dos procedementos e competencias a desenvolver na maioría das materias, polo que é necesaria a coordinación co equipo docente, implicar aos departamentos didácticos e tamén ás familias.

- Programa de técnicas de traballo e estudo.
 - . Mellora das condicións ambientais para o estudo na casa.
 - . Planificación do traballo (o horario de estudo, a sesión de estudo, aproveitamento do estudo, axenda de traballo...)
 - . Atención na aula e toma de notas e apuntes. Uso axeitado da axenda escolar.
 - . Método e forma de estudo: lectura comprensiva, técnica de subliñado, realización de esquemas e resumos...
 - . Técnicas de memorización comprensiva.
 - . Técnicas de concentración e mellora da atención.
 - . Realización de traballos orais e escritos.
 - . Técnicas de preparación e realización de exames e probas orais ou escritas.
 - . Realización doutras técnicas: fichas bibliográficas, fichas de lectura, etc.

B.3.- Actuacións para favorecer a madurez social e persoal do alumnado e a mellora da convivencia.

- Participando en programas de habilidades sociais e de desenvolvemento persoal, participación na vida do centro e convivencia.
- Coñecemento de técnicas para a resolución de conflitos e fomento da tolerancia e cooperación para detectar e previr situacións de acoso ou maltrato entre iguais.
- Participación no servizo de mediación do centro e potenciación de actividades que melloren a convivencia escolar.

B.4.- Actuacións para favorecer a motivación e aumentar a autoestima mediante:

- Técnicas e actividades para a mellora da propia imaxe, autoestima e autosuperación.
- Actividades para o coñecemento das características da adolescencia e dos cambios físicos e psicolóxicos que supón.
- Actividades de educación sexual.

B.5.- Actuacións para fortalecer a autonomía, a capacidade de decisión, previr condutas de risco e favorecer o uso apropiado das novas tecnoloxías.

- Participación en programas e actividades de prevención de consumo de tabaco, alcol e outras drogas en colaboración con institucións externas e expertos.
- Actividades para a adoptar unha actitude persoal, analítica e crítica, en relación co consumo e de responsabilidade fronte ás estratexias da publicidade e as variadas ofertas de consumo da sociedade actual.
- Información sobre as novas tecnoloxías e redes sociais co propostas didácticas para lograr un uso adecuado de internet e coñecer os seus riscos.

B6.- Actuacións para favorecer os procesos de maduración vocacional.

- Información ao alumnado sobre a etapa educativa na que se atopan, propiciando o coñecemento, análise e valoración das opcións e itinerarios académicos ou profesionais que se lle presentan.
- Programa específico de orientación académica e profesional para cada curso que se desenvolverá en colaboración co orientador do centro.

* Algunhas actividades dos puntos B.4 e B.5 se desenvolverán a través de accións específicas e seleccionadas dentro doutros programas ou coa intervención puntual de profesionais externos.

C.- Actuacións que efectúa o titor/a con cada alumno/a individualmente.

- .- Entrevistas individuais para recoller información sobre o nivel de integración do alumno/a no grupo e no centro, para analizar problemas e dificultades e determinar, se é preciso, o asesoramento e apoio na resolución destes problemas, para favorecer actitudes positivas, e asesoralo no referido a técnicas de estudo e no emprego do seu tempo libre nas actividades fóra do centro.
- .- Desenvolver, nalgúns casos, programas específicos de intervención individual en colaboración co departamento de orientación, coa familia, coa dirección ou co resto do equipo docente.
- .- Cumprimentar e custodiar a documentación de cada alumno/a, propia da función titorial

2.3.2.-FAMILIA

.- Accións que pon en práctica o titor/a coas familias dos alumnos/as

- .- Reunión de presentación cos pais e nais ao inicio de curso para informar sobre todos os aspectos básicos de funcionamento do centro que afectan ao desenvolvemento do curso na ESO e para asegurar unha mellor coordinación das familias co instituto. Trataríase de informar e cambiar impresións coas familias sobre a normativa xeral do centro, a organización e funcionamento da titoría (entrevistas, faltas, horarios, saídas didácticas), o desenvolvemento do plan titorial e outros aspectos educativos de interese.

- Organización de reunións por curso ou nivel de carácter informativo ou educativo sobre temas máis específicos que poidan resultar de interese.
- Realización entrevistas individuais cos pais e nais dos alumnos para:
 - Acadar información e datos sobre o contexto familiar e social para un maior coñecemento das circunstancias persoais do alumno/a que nos axuden a entender, cando sexa preciso, como inciden e afectan ao proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Informar aos pais sobre a situación académica do seu fillo/a (rendemento, comportamento e actitude, hábitos, etc.) co obxectivo de previr ou anticipar calquera disfunción escolar, implicándoos desde o principio na aplicación das solucións mediante a análise conxunta dos problemas e dificultades detectadas, e intentar resolvelas cunha intervención individual ou global, buscando se é necesario asesoramento específico.
 - Solicitar e favorecer a colaboración e implicación da familia co centro para favorecer actitudes positivas dos alumnos/as cara ao estudo a mellorar a integración.
 - Asesorar á familia no aspecto persoal e educativo do seu fillo/a: axudas e reforzos escolares, técnicas de traballo e estudo, aproveitamento do tempo libre, orientación académica, etc.
 - Recoller e canalizar as suxestións e demandas razoables que presenten os pais.
- Colaborar coas institucións que desenvolvan programas específicos de intervención no contexto socio-familiar

2.3.3.-PROFESORADO

A.- Actividades de coordinación co equipo docente para asegurar a coherencia educativa no desenvolvemento das programacións facilitando o seu axuste ao grupo, sobre todo nos casos de atención ás necesidades educativas especiais.

- Buscar o acordo do equipo docente nas decisións de tipo organizativo, curricular ou de intervención que afecten ao alumnado.
- Informar ao equipo docente, cando sexa necesario e se considere oportuno, daqueles aspectos de carácter persoal, académico, familiar ou social dun alumno/a ou grupo de alumnos/as que sirvan para lograr unha mellor integración, resolver unha problemática específica ou conseguir un mellor axuste pedagóxico.
- Facilitar, co soporte técnico e a organización adecuada, a comunicación entre os membros do equipo docente.
- Coordinación e colaboración co profesorado á hora de revisar os elementos da programación e na elaboración das adaptacións curriculares e outras medidas de atención a diversidade.
- Colaborar co profesorado de apoio ou con outros profesionais co obxectivo de atender as necesidades educativas.
- En colaboración co Departamento de Orientación e a dirección do centro, potenciar e facilitar as liñas de acción común cos demais titores/as.
- Dentro do plan de acción tutorial do centro para cada nivel, implicar ao equipo docente para establecer as prioridades e o grao de desenvolvemento das actividades en función das características do grupo e da avaliación previa das necesidades.

B.- Coordinación do proceso avaliador e da obtención de información sobre os alumnos e sobre o grupo.

- Presidir as reunións de avaliación, levantando acta das mesmas recollendo os acordos tomados e aqueles aspectos significativos tratados.
- Obter, recoller e aportar información relevante de cada alumno/a do grupo de maneira que, conforme a avaliación formativa e reguladora, permita determinar os axustes pedagóxicos, as axudas e a atención necesaria para superar as dificultades detectadas.
- Fomentar a toma de decisións curriculares sobre os aspectos a impulsar co alumno/a e co grupo.

3.- Plan de Orientación Educativa e Vocacional (P.O.E.V)

3.1.- Obxectivos

.- Facilitar a toma de decisións responsable do alumno/a ao longo de toda a escolaridade, con momentos de especial énfase e atención nos momentos en que este ou esta debe elixir entre diferentes opcións ou itinerarios académicos (fundamentalmente 3º e 4º de ESO e 2º Bacharelato)

3.2.- Fases ou pasos na toma de decisión

Este plan de actuación desenvolveranse de acordo coas necesidades de cada grupo ou nivel, seguindo tres fases:

1.- Iniciación ou de información

Obxectivos:

- a - Axudar ao alumnado a conseguir un maior coñecemento de si mesmo/a relativo a intereses, capacidades, personalidade, motivacións, hábitos de traballo e rendemento escolar.
- b - Proporcionar información sobre os itinerarios académicos e profesionais que pode realizar ao rematar o curso así como ás súas conexións con itinerarios posteriores.

Actividades:

- a - Programación de actuacións dirixidas a que os alumnos/as desenvolvan as capacidades implicadas no proceso de toma de decisións, e mediante unha análise persoal coñezan e valoren de maneira axustada e realista as súas actitudes, os seus intereses e motivacións, as súas capacidades e aptitudes, o seu rendemento e a súa organización e planificación do traballo e do estudo.
- b - Organización de actuacións destinadas a facilitar información suficiente ao conxunto do alumnado sobre as distintas opcións educativas ou laborais (especialmente as do seu entorno) relacionadas con cada etapa educativa.
- c - Elaboración de material informativo e/ou organización de actividades destinadas a facilitar información suficiente tamén ás familias para que axuden aos seus fillos/as na toma de decisión.

2.- Reflexión e análise.

Analizar as vantaxes e inconvenientes das diversas alternativas que se presentan ao alumnado na toma de decisión valorando ás que mellor se adapten ás súas características, expectativas e preferencias. Este proceso realizarase mediante unha serie de actividades e documentos que lle axuden a reflexionar sobre todos os datos recollidos na fase anterior.

3.- Toma de decisión responsable.

Para os cursos de 3º e 4º de ESO, se establecerá un programa con actividades específicas de orientación académica e vocacional que se axustará a este proceso e que se desenvolverá dentro do horario de titoría nestes cursos coa colaboración do orientador do centro.

En 2º ESO e nos cursos de 1º e 2º de Bacharelato, sobre todo neste último curso, se organizarán actividades de carácter informativo tanto internas, desenvolvidas polo propio departamento, como externas (charlas específicas, visitas a feiras de universidades ou formación profesional organizadas por institucións). Tamén se aportará material específico e documentos elaborados polo departamento coa información actualizada sobre itinerarios educativos, selectividade e diferentes estudos ao rematar cada etapa. En todos os casos, o departamento de orientación atenderá individualmente ao alumnado e familias para asesorar nesta toma de decisión.

Esta atención individualizada se realizará durante todo o curso nas horas establecidas ou no horario que se acorde. Este asesoramento terá especial incidencia no momento da matrícula.

Para complementar esta función informativa e ofrecer información actualizada a toda a comunidade educativa, o orientador do centro creou no curso 2010/11 un blog específico de orientación académica e vocacional e outro de orientación educativa máis centrado no tema escolar. O enlace do blog está na portada da páxina WEB do instituto.

4.- Atención á Diversidade

4.1.- Obxectivo

.- Lograr que o proceso educativo se adapte ás necesidades educativas e características de todos e cada alumno ou grupo.

4.2.- Actividades

.- Coordinación das actividades tutoriais dirixidas a optimizar e apoiar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

- Colaboración na detección das dificultades de aprendizaxe asesorando e colaborando nas avaliacións iniciais e na recollida de información.

- Coordinación e apoio na implementación de programas de técnicas e métodos de estudo.

.- Coordinación da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais

- Realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes.

- Asesoramento, coordinación e colaboración no deseño, elaboración e aplicación das medidas individuais de atención á diversidade: reforzos educativo e adaptacións curriculares significativas.

- Colaboración e asesoramento na adopción doutras medidas de atención a diversidade impulsando a súa implantación e valoración: agrupamentos flexibles, diversificación curricular, desdobres, reforzos complementarios, programas de competencia curricular e de inmersión lingüística para alumnado estranxeiro, etc.

- Favorecendo e potenciando a integración persoal e escolar de alumnos/as con discapacidade.

5.- PROGRAMACIÓN do P.A.T

1º CICLO ESO

1º Trimestre (aproximadamente 11 sesións)

* Xornada de acollida / Recepción do grupo clase (1 sesión)

Presentación do alumnado e do titor/a. Entrega do horario do grupo co profesorado que imparte as materias. Explicación das características básicas do centro o do seu funcionamento, sobre todo no caso de presenza de alumnado novo: espazo físico e instalacións, cargos directivos e funcións, departamentos didácticos, secretaría, conserxería... Establecemento das normas xerais de funcionamento da clase (colocación nos pupitres, asignación provisional de funcións...)

Aspectos específicos de funcionamento da titoría e información xeral da ESO e da avaliación: plan de acción tutorial, recuperación de pendentes, criterios de promoción ao curso seguinte e outros aspectos que se consideren.

Algúns destes temas se poden tratar e ampliar posteriormente noutras sesións de titoría se o titor/a o considera necesario.

* Realización dun cuestionario persoal (apórtase modelo para cada nivel de ESO)

* Funcionamento e uso da biblioteca (1/2 sesións).

Esta actividade realizarase en todos os cursos, cun carácter máis específico en 1º ESO, e se contará no seu desenvolvemento coa colaboración do profesorado encargado da biblioteca.

* Elección de delegado/a de clase. (2 sesións)

.- Sesión preparatoria de motivación para unha elección responsable: perfil e funcións do cargo.

.- Xornada de elección: recordo do perfil, explicación do proceso de elección (constitución da mesa, votación, recuento de votos, nomeamento de delegado/a e subdelegado/a e redacción da acta que se entregará na xefatura de estudos.

* Reunión inicial do titor/coas pais e nais:

Reunión de presentación ao inicio de curso co obxectivo de asegurar a coordinación entre as familias e o centro, na que se informará sobre todos os aspectos básicos de funcionamento da clase e do instituto que afectan ao desenvolvemento do curso. Os temas que se poden tratar referiranse á normativa xeral do centro e a organización e traballo da titoría (concertación de citas e entrevistas, control de faltas), horarios, saídas didácticas, obxectivos e actividades plan de acción tutorial, orientación...

Esta reunión, organizada pola xefatura de estudos e coordinada polo departamento de orientación, celebrarase con todos os cursos de ESO a finais de setembro ou nos primeiros días de outubro, e se convocará co envío dunha carta de presentación dos titores/as.

Documento: guión da reunión cos pais/nais.

* Avaliación inicial

Realizarase ao longo do mes de outubro co obxectivo de analizar a situación académica xeral do grupo (niveis de competencia curricular, actitudes, relacións, adaptación...) e detectar problemáticas e dificultades de aprendizaxe a nivel individual para adoptar ou axustar canto antes as medidas de atención a diversidade necesarias.

* Regulamento de réxime interno e normativa de clase (1/2 sesións)

Para a realización da actividade é necesario utilizar o documento do Regulamento de Réxime Interno.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* As nosas normas

Esta é unha actividade opcional indicada especialmente para os 1º e 2º de ESO. Atendendo ás características e situación do seu grupo o titor/a poderá elaborar coa participación de toda a clase unhas normas específicas de funcionamento na aula. Estas se redactarán nun documento que todo o alumnado deberá asumir e asinar de forma corresponsable, colocándose nun lugar visible da aula.

Documento: orientacións didácticas para a súa elaboración.

* Dereitos e deberes dos alumnos/as. (1 sesión)

Nesta actividade se abordará algún ou varios aspectos do Real Decreto desde a perspectiva que estime o titor/a. Para a súa realización sería conveniente utilizar o documento co Real Decreto de dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia dos centros. Tamén se pode recorrer a material audiovisual (cine) ou outro tipo de material.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* Realización de probas pedagóxicas e un cuestionario hábitos de estudo (específico de 1º ESO) aplicadas polo orientador do centro coa colaboración do titor/a e profesorado correspondente (3 sesións)

* Hábitos de traballo e estudo: (2 sesións mínimo)

- .- A planificación do estudo: Valoración da situación persoal e do grupo
- .- Elaboración dun plan de traballo semanal individualizado
- .- A axenda persoal

Documento: fichas e cuestionarios adaptadas para cada curso e nivel

2º/3º Trimestre (19/20 sesións aproximadamente)

* Reflexión avaliación

Valoración individual e colectiva dos resultados da 2ª e 3ª avaliación. (2 sesións).

Documentación: fichas e cuestionarios de análise persoal e autoavaliacións

* Motivación para o estudo

Segundo os resultados da avaliación / con todo o grupo ou parte do grupo)(1 sesión).

* Igualdade de oportunidades.

Deseñaranse desde o departamento de orientación, coas indicacións da Comisión de Convivencia, unha ou máis actividades para desenvolver co alumnado na titoría (cine, vídeo, lecturas sobre o tema)

* Sensibilización e prevención para a detección de situacións de acoso e maltrato entre iguais fomentando a tolerancia, a cooperación e a convivencia (1/2 sesións)

Documentación: lecturas, vídeo e cine

* Hábitos de traballo e estudo:

- O lugar de estudio. Condicións ambientais de estudio na casa.
- Atención na aula e toma de apuntes. (2 Sesións)
- Como fago os exames.
- Aprendo a estudar: subliñado - esquemas - resumo - memorizar - repasos

Documentación: programas informáticos, cadernos específicos, material audiovisual

* Tema de interese: Características e cambios na puberdade e adolescencia

Documentación: vídeos, fichas de traballo

DURANTE TODO O CURSO

* Programa básico de habilidades sociais, que contemplará, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima, e para a resolución pacífica de conflitos. Estas actividades organizaranse conforme ás instrucións das últimas circulares da Consellería de Educación e nas que se ditan instrucións referidas as accións prioritarias do departamento e titorías.

* Programa de actividades do Plan de Prevención de Drogas, con temas referidos á convivencia e solución de conflitos, autoestima, análise crítico da publicidade e prevención de tabaco, alcol e drogas, etc. (*Algunhas das actividades deste plan forman parte do programa mencionado no punto anterior*)

O material está conformado por cadernos de traballo individual elaborados para o plan en colaboración coa Consellería de Educación, a Consellería de Sanidade, o Plan Galego sobre Drogas e a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo. Tendo en conta a extensión e cantidade de actividades que conforman o programa, seleccionaranse por parte dos titores/as aquelas que se consideren adecuadas para a situación e nivel do seu curso.

Documentación: O libro do alumno e a guía do profesor en arquivo PDF

* Programa non pasa nada ¿pasa algo? Nivel 2ºESO (antigo proxecto CREATIVE)

A finalidade deste programa é evitar o desenvolvemento e consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados do seu consumo e/ou abuso e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os adolescentes que están vinculados ao sistema educativo.

Consistiría nunha intervención na aula de expertos/as externos durante 4 sesións consecutivas que coincidirían coa hora da titoría.

* Actividades e materiais didácticos específicos para abordar os problemas crecentes que se derivan do uso inadecuado e do abuso das novas tecnoloxías por parte dos adolescentes: redes sociais, novas adicións en internet, acoso na rede, etc.

* Elección libre de temas actuais e de interese do alumnado para tratar posteriormente na titoría. Aportarase listado de materiais audiovisuais (cine, vídeo...) apropiados para abordar diferentes temáticas con propostas didácticas para o seu traballo na titoría.

3º CURSO DE ESO

1º Trimestre (10/11 sesións)

* Xornada de acollida / Recepción do grupo clase (1 sesión)

Presentación do alumnado e do titor/a. Entrega do horario do grupo co profesorado que imparte as materias. Explicación das características básicas do centro o do seu funcionamento, sobre todo no caso de presenza de alumnado novo: espazo físico e instalacións, cargos directivos e funcións, departamentos didácticos, secretaría, conserxería...). Establecemento das normas xerais de funcionamento da clase (colocación nos pupitres, asignación provisional de funcións...)

Aspectos específicos de funcionamento da titoría, información xeral sobre o curso de 3º ESO : avaliación, plan de acción titorial, recuperación de pendentes, criterios de promoción ao curso seguinte e outros aspectos que se consideren.

Alguns destes temas se poden tratar e ampliar posteriormente noutras sesións de titoría se o titor/a o considera necesario.

* Realización dun cuestionario persoal (apórtase modelo para cada curso e guión de aplicación)

* Elección de delegado/a (1 sesión). En función das características e dinámica do grupo o titor/a poderá realizar unha sesión preparatoria como no caso dos cursos inferiores.

- Xornada de elección: análise e discusión dirixida sobre o perfil idóneo do delegado/a de clase, explicación do proceso de elección (constitución da mesa, votación, recuento de votos, nomeamento de delegado/a e subdelegado/a e redacción da acta que se entregará na xefatura de estudos).

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* Reunión inicial do titor/a cos pais e nais:

Reunión de presentación ao inicio de curso co obxectivo de asegurar a coordinación entre as familias e o centro, na que se informará sobre todos os aspectos básicos de funcionamento da clase e do instituto que afectan ao desenvolvemento do curso. Os temas que se poden tratar referiranse á normativa xeral do centro e a organización e traballo da titoría (concertación de citas e entrevistas, control de faltas), horarios, saídas didácticas, obxectivos e actividades plan de acción tutorial, orientación...

Esta reunión, organizada pola xefatura de estudos e coordinada polo departamento de orientación, celebrarase con todos os cursos de ESO a finais de setembro ou nos primeiros días de outubro, e se convocará co envío dunha carta de presentación dos titores/as.

Documento: guión da reunión cos pais/nais.

Documento: guión da reunión cos pais/nais.

* Avaliación inicial

Realizárase ao longo do mes de outubro co obxectivo de analizar a situación académica xeral do grupo, actitudes, relacións, adaptación do alumnado; e valorar problemáticas e dificultades individuais e de grupo para adoptar as medidas de atención ou intervención necesarias.

Documento: guión da avaliación inicial

Realizárase ao longo do mes de outubro co obxectivo de analizar a situación académica xeral do grupo (niveis de competencia curricular, actitudes, relacións, adaptación...) e detectar problemáticas e dificultades de aprendizaxe a nivel individual para adoptar ou axustar canto antes as medidas de atención a diversidade necesarias.

* Regulamento de réxime interno e normativa de clase (1/2 sesións)

Para a realización da actividade é necesario utilizar o documento do Regulamento de Réxime Interno.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* As nosas normas

Esta é unha actividade opcional. Atendendo ás características e situación do seu grupo o titor/a poderá elaborar coa participación de toda a clase unhas normas específicas de funcionamento na aula. Estas se redactarán nun documento que todo o alumnado deberá asumir e asinar de forma corresponsable, colocándose nun lugar visible da aula.

Documento: orientacións didácticas para a súa elaboración.

* Dereitos e deberes dos alumnos/as. (1 sesión)

Nesta actividade se abordará algún ou varios aspectos do Real Decreto desde a perspectiva que estime o titor/a. Para a súa realización sería conveniente utilizar o documento co Real Decreto de dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros. Tamén se pode recorrer a material audiovisual (cine) ou outro tipo de material.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* Cuestionario Hábitos de Estudo (1 /2 sesións)

Ao longo do primeiro trimestre o orientador aplicará a todo o alumnado de 3º ESO un cuestionario/test de hábitos de traballo e estudo co obxectivo de intervir posteriormente a nivel tutorial, individualmente ou en grupo, para mellorar aqueles aspectos que se considere oportuno.

* Planificación do estudo (2 sesións)

Análise individual da planificación xeral do tempo dos alumnos/as mediante un proceso de autoavaliación que logo servirá para abordar con eles, e coas familias se é o caso, as deficiencias observadas.

2º/3º Trimestre (18/19 sesións)

* Reflexión avaliación: valoración individual e colectiva dos resultados da 2ª e 3ª avaliación. (2 sesións).

* Motivación para o estudo: Segundo os resultados da avaliación / con todo o grupo ou parte do grupo)(1 sesión).

* Igualdade de oportunidades.

Deseñaranse desde o departamento de orientación, coas indicacións da Comisión de Convivencia, unha ou máis actividades para desenvolver co alumnado na titoría (cine, vídeo, lecturas sobre o tema)

* Plan de orientación educativa e vocacional para 3º ESO (A toma de decisión). Desenvolverase coa colaboración do orientador durante 7 sesións aproximadamente.

DURANTE TODO O CURSO

* Programa básico de habilidades sociais, que contemplará, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima, e para a resolución pacífica de conflitos. Estas actividades organizaranse conforme ás instrucións das últimas circulares da Consellería de Educación e nas que se ditan instrucións referidas as accións prioritarias do departamento e titorías.

* Programa de actividades do Plan de Prevención de Drogas, con temas referidos á convivencia e solución de conflitos, autoestima, análise crítico da publicidade e prevención de tabaco, alcol e drogas, etc. (*Algunhas das actividades deste plan forman parte do programa mencionado no punto anterior*)

O material está conformado por cadernos de traballo individual elaborados para o plan en colaboración coa Consellería de Educación, a Consellería de Sanidade, O Plan Galego sobre Drogas e a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo. Tendo en conta a extensión e cantidade de actividades que conforman o programa, seleccionaranse por parte dos titores/as aquelas que se consideren adecuadas para a situación e nivel do seu curso.

* Actividades e materiais didácticos específicos para abordar os problemas crecentes que se derivan do uso inadecuado e do abuso das novas tecnoloxías por parte dos adolescentes: redes sociais, novas adicións en internet, acoso na rede, etc.

* Mediante un cuestionario determinar os temas de interese do alumnado para tratar posteriormente na titoría. Aportarase listado de materiais audiovisuais (cine, vídeo...) apropiados para abordar diferentes temáticas con propostas didácticas para o seu traballo na titoría.

4º CURSO DE ESO

1º Trimestre (11 sesións aproximadamente)

* Xornada de acollida / Recepción do grupo clase

- Presentación do alumnado e do titor/a. Entrega do horario do grupo co profesorado que imparte as materias. Explicación do funcionamento e características básicas do centro, sobre todo no caso de presenza de alumnado novo: espazo físico e instalacións, cargos directivos e funcións, departamentos, secretaría, conserxería...). Establecemento das normas xerais de funcionamento da clase (colocación nos pupitres, asignación provisional de funcións...)

- Aspectos específicos de funcionamento da titoría e información xeral sobre a ESO e sobre avaliación: plan de acción titorial, recuperación de pendentes, criterios de titulación e outros aspectos que se consideren necesarios.

Algúns destes temas se poden tratar e ampliar posteriormente noutras sesións de titoría se o titor/a o considera necesario.

* Realización dun cuestionario persoal (apórtase modelo para cada curso e guión de aplicación)

* Elección de delegado/a (1 sesión). En función das características e dinámica do grupo o titor/a poderá realizar unha sesión preparatoria.

- Xornada de elección: análise e discusión dirixida sobre o perfil idóneo do delegado/a de clase, explicación do proceso de elección (constitución da mesa, votación, recuento de votos, nomeamento de delegado/a e subdelegado/a e redacción da acta que se entregará na xefatura de estudos).

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

* Reunión inicial do titor/a cos pais e nais:

Reunión de presentación ao inicio de curso co obxectivo de asegurar a coordinación entre as familias e o centro, na que se informará sobre todos os aspectos básicos de funcionamento da clase e do instituto que afectan ao desenvolvemento do curso. Os temas que se poden tratar referiranse á normativa xeral do centro e a organización e traballo da titoría (concertación de citas e entrevistas, control de faltas), horarios, saídas didácticas, obxectivos e actividades plan de acción titorial, orientación...

Esta reunión, organizada pola xefatura de estudos e coordinada polo departamento de orientación, celebrarase con todos os cursos de ESO a finais de setembro ou nos primeiros días de outubro, e se convocará co envío dunha carta de presentación dos titores/as.

Documento: guión da reunión cos pais/nais.

* Avaliación inicial

Realizarase ao longo do mes de outubro co obxectivo de analizar a situación académica xeral do grupo, actitudes, relacións, adaptación do alumnado; e valorar problemáticas e dificultades individuais e de grupo para adoptar as medidas de atención ou intervención necesarias.

Documento: guión da avaliación inicial

* Regulamento de réxime interno e normativa de clase (1 sesión)

Para a realización da actividade é necesario utilizar o documento do Regulamento de Réxime Interno.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade.

* Dereitos e deberes dos alumnos/as. (1 sesión)

Nesta actividade se abordará algún ou varios aspectos do Real Decreto desde a perspectiva que estime o titor/a. Para a súa realización sería conveniente utilizar o documento co Real Decreto de dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros. Tamén se pode recorrer a material audiovisual (cine) ou outro tipo de material.

Documento: orientacións didácticas para o desenvolvemento da actividade

Para a realización da actividade é necesario utilizar o documento co Real Decreto de dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros que se entregará dentro da carpeta da Xefatura de Estudos.

* Motivación para o estudo. (1 sesión)

Mediante un cuestionario analizar as perspectivas e intereses do alumnado no último curso de ESO.

2º/3º Trimestre e durante todo o curso (20/22 sesións aproximadamente)

* Reflexión avaliación: valoración individual e colectiva dos resultados da primeira e segunda avaliación

(1/2 sesións)

* Plan de orientación educativa e vocacional para 4ºESO (A toma de decisión) Desenvolverase coa colaboración e intervención do orientador durante 7 sesións a partir de febreiro.

* Programa non pasa nada ¿pasa algo? Nivel 4ºESO (antigo proxecto CREATIVE)

A finalidade deste programa é evitar o desenvolvemento e consolidación de consumos problemáticos de drogas, reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados do seu consumo e/ou abuso e promover a adopción de estilos de vida saudables entre os adolescentes que están vinculados ao sistema educativo.

Consistiría nunha intervención na aula de expertos/as externos durante 4 sesións consecutivas que coincidirían coa hora da titoría.

* Programa básico de habilidades sociais

O programa contemplará, ademais, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autocoñecemento e a mellora da autoestima, e para a resolución pacífica de conflitos. Estas actividades organizaranse conforme ás instrucións das últimas circulares da Consellería de Educación e nas que se ditan instrucións referidas as accións prioritarias do departamento e titorías.

A duración será variable e se realizará durante todo o curso.

* Programa de actividades do Plan de Prevención de Drogas

Darase prioridade a temas referidos á convivencia e solución de conflitos, autoestima, análise crítico da publicidade e prevención de tabaco, alcol e drogas, etc. (*Algunhas das actividades deste plan formarán parte do programa mencionado no punto anterior*)

O material está conformado por cadernos de traballo individual elaborados para o plan en colaboración coa Consellería de Educación, a Consellería de Sanidade, O Plan Galego sobre Drogas e a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Tendo en conta a extensión e cantidade de actividades que conforman o programa, seleccionaranse por parte dos titores/as aquelas que se consideren adecuadas para a situación e nivel do seu curso.

* Actividades e materiais didácticos específicos para abordar os problemas crecentes que se derivan do uso inadecuado e do abuso das novas tecnoloxías por parte dos adolescentes: redes sociais, novas adicións en internet, acoso na rede, etc.

* Mediante un cuestionario determinar os temas de interese do alumnado para tratar posteriormente na titoría. Aportarase un listado de materiais audiovisuais (cine, vídeo...) apropiados para abordar diferentes temáticas con propostas didácticas para o seu traballo na titoría.

6.- PROGRAMACIÓN do P.O.E.V

Esta programación de actividades pretende abordar un dos dous obxectivos básicos establecidos no Departamento de Orientación: Axudar ós alumnos/as na toma de decisións de itinerarios académicos, profesionais e na elección vocacional ou de optativas ó longo de todo o proceso educativo. Este obxectivo se explicita no Plan de Orientación Educativa e Profesional mediante unha serie de actuacións destinadas a facilitar a toma de decisións do alumno/a en momentos de especial énfase atendendo aos momentos nos que deben elixir entre diferentes opcións e itinerarios. (3º e 4º da ESO, 2º de bacharelato).

ORIENTACIÓN NA ESO

O currículo nesta etapa favorece o establecemento de itinerarios personalizados para o alumnado. A comprensividade e diversificación, fundamentalmente en 4º de ESO ofrece unha formación común para todos compatible cunha progresiva diversificación mediante unha optatividade crecente ao longo da etapa que permite unha maior versatilidade na formación do alumno/a e unha adecuación do currículo aos seus intereses e capacidades. Esta optatividade, especialmente significativa no último curso da E.S.O., implica a necesidade dun tratamento adecuado e específico neste momento crítico da escolaridade obrigatoria para atender a un alumnado que debe adoptar decisións académicas, e con diversidade de capacidades, intereses, motivación, rendemento, formas de relación etc.,

2º ESO (3 cursos)

* Charla informativa (unha por cada curso na hora de titoría que se realizará no mes de xuño) que ten como obxectivo explicar e informar aos alumnos/as de 2º de ESO a optatividade de 3º de ESO e axudarlles a comprender os cambios que se producirán no curso vindeiro.

3º ESO (4 cursos)

Programación:

Duración: 7 sesións, aproximadamente, que se desenvolverán nas horas de titoría no segundo e terceiro trimestre, durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e parte de maio.

* Fase informativa (na aula con todo o grupo)

- Presentación do Plan de Orientación Educativa e Profesional nos cursos de 3º ESO.

- Información xeral sobre as características de:

- * A ESO (materias optativas e troncais en 4º da ESO)
- * O bacharelato (modalidades, optativas, entronques con estudos superiores, selectivo, etc.)
- * Criterios de promoción e titulación. Repeticións. Pendentes.
- * Formación Profesional: Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior.
- * Diversificación Curricular.
- * Programas de iniciación profesional.

Participantes: O orientador e titor/a

Material: follas e dípticos informativos e o blog de orientación que servirá de referencia

* Proceso de toma de decisións (na aula con todo o grupo)

- O obxectivo é concienciar aos alumnos/as sobre a importancia das decisións que deberán tomar no aspecto educativo. A elección de diversas alternativas educativas e profesionais é un proceso difícil que require tempo e esforzo debido ás consecuencias que poden ter sobre o seu futuro.

O proceso de toma de decisións: **Pasos do proceso**

a.- Fase de iniciación ou informativa:

*Sobre si mesmo:

- Intereses e preferencias
- Aptitudes e habilidades
- Actitudes e motivación
- Atención e memoria
- Hábitos de traballo e estudio
- Rendemento escolar

* Sobre o sistema educativo: (optativas, bacharelatos, formación profesional)

* Sobre o mundo profesional

b.- Fase de reflexión ou análise persoal.

Reflexión sobre si mesmo, sobre a oferta educativa e profesional dispoñible e sobre a posibilidade de acceder e continuar a diversos estudos.

c.- Fase de toma de decisión:

Optar por un proxecto persoal, marcarse un obxectivo respecto a unhas expectativas mediante o autocoñecemento de todos os factores (intereses e afeccións - aptitudes, habilidades e rendemento-motivación e valores persoais - condicionantes socio-familiares)

Participantes: orientador e titores/as

Material: Fichas de traballo, cuestionarios.

*** Asesoramento individual (Departamento de orientación)**

*** Documento informativo dirixido ós pais**

4º ESO (4 cursos)

Programación:

Duración: 7 sesións aproximadamente que se desenolarán nas horas de titoría durante o segundo e terceiro trimestre nos meses de febreiro, marzo, abril e parte de maio

*** Fase informativa (aula con todo o grupo) 2 sesións**

- Presentación do Plan de Orientación Educativa e Profesional para os cursos de 4º ESO.

- Información xeral sobre as características de:

* Criterios de titulación. Repeticións. Pendentes. (4º ESO)

*O bacharelato (modalidades, optativas, criterios de promoción, repetición, cambios de modalidade, entronques con estudos superiores, selectivo, etc.)

* Formación Profesional: Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior. Estructura, finalidade, oferta, saídas profesionais, etc.

* Programas de iniciación profesional e probas de acceso a ciclos de grao medio.

Participantes: titores/as e orientador

Material: Material: follas e dípticos informativos e o blog de orientación que servirá de referencia

*** Proceso de toma de decisión (na aula con todo o grupo) 4/5 sesións**

- O obxectivo é concienciar ós alumnos/as sobre a importancia das decisións que deberán tomar no aspecto educativo. A elección de diversas alternativas educativas e profesionais é un proceso difícil que require tempo e esforzo debido ás consecuencias que poden ter sobre o seu futuro.

- O proceso de toma de decisións: **Pasos do proceso**

- Fase de iniciación ou informativa:

* Sobre si mesmo:

- Actitudes e motivación
- Intereses e preferencias
- Aptitudes e habilidades
- Atención e memoria
- Hábitos de traballo e estudo
- Rendemento escolar

* Sobre o sistema educativo: (optativas, bacharelatos, formación profesional)

* Sobre o mundo profesional

- Fase de reflexión ou análise persoal. Sobre si mesmo/a, sobre a oferta educativa e profesional dispoñible e sobre a posibilidade de acceder e continuar a diversos estudos.

- Fase de toma de decisión: Optar por un proxecto persoal, marcarse un obxectivo respecto a unhas expectativas mediante o autoconhecimento de tódolos factores (intereses e afeccións - aptitudes, habilidades e rendemento- motivación e valores persoais - condicionantes socio-familiares)

Tomar, por tanto, unha decisión axudado/a por un documento no que se reflectan todas as actividades e reflexións realizadas que lles sirva para, unha vez rematada a ESO e acadado o título, para tomar a decisión definitiva, consultando a súa familia.

Participantes: titores/as e orientador

Material: Fichas de traballo e cuestionarios

* **Asesoramento individual (Departamento de orientación)**

Asesoramento de maneira personalizada na elección de optativas, itinerarios educativos ou na elección de alternativas e estudos posteriores ao rematar a ESO.

* **Charla coloquio ós pais e nais (Sala de conferencias)**

CONTIDOS:

- Explicación do Plan de Orientación Educativa e Profesional de 4º ESO. (Actuacións concretas realizadas cos alumnos/as de 4º ESO.
- Estructura do novo sistema educativo.
- Alternativas ó rematar a ESO (bacharelato, FP, outras opcións)
- Información sobre os bacharelatos, modalidades (materias propias de cada modalidade), optativas, entronques con estudos superiores, selectivo e ciclos formativos de grao superior.
- Cadros horarios.
- Ciclos Formativos de Grao Medio (Oferta da zona, e saídas)
- Programas de iniciación profesional

Participantes: Orientador, representante do Equipo Directivo.

Material: Documentación informativa dirixida aos pais.

BACHARELATO

1º BACHARELATO

* Unha charla informativa impartida polo orientador en colaboración cos titores por curso e modalidade para asesorar e axudar ao alumnado de 1º de Bacharelato na elección da optativa ou opción máis adecuada en 2º de bacharelato.

2º BACHARELATO

* En coordinación coas universidades e outras institucións, e dentro de programas que desenvolven en colaboración cos centros de Ensino Medio, organización de charlas ou xornadas sobre saídas e temas relacionados co acceso a Universidade e a outros estudos superiores. O obxectivo é informar ao alumnado de 2º de Bacharelato sobre a oferta educativa ao rematar os estudos medios e sobre outros máis específicos como os servizos que se ofrecen. Tamén se procurará, se é posible, acudir a feiras ou eventos institucionais que se organicen para orientar ao alumnado que remata o bacharelato.

* Charlas informativas impartidas polo orientador en colaboración cos titores/as, por curso e modalidade, na que se entregará documentación actualizada e elaborada polo Departamento de Orientación sobre saídas universitarias e profesionais, selectividade, etc.

Duración: dúas sesións por cada curso de 2º de bacharelato.

* Atención individualizada aos pais, nais e alumnado que soliciten asesoramento de maneira personalizada na elección de optativas, itinerarios educativos ou na elección de alternativas e estudos posteriores ao rematar a ESO ou bacharelato. Estas consultas e entrevistas individuais, previamente concertadas co orientador no horario de atención ao alumnado e pais se desenvolverán durante todo o curso cunha maior incidencia no último trimestre, e nos períodos de matrícula.